

Martes, 7 de novembro de 2023

Núm. 214

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

### LALÍN

#### Persoal, oposicións

*RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA APROBACIÓN ACTA DEFINITIVA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DE 3 PRAZAS DE MONITOR/A DEPORTIVO MEDIANTE O SISTEMA DE ACCESO POR CONCURSO-OPOSICIÓN*

#### DECRETO ALCALDÍA

*EXPEDIENTE XESTIONA: 2064/2022*  
*PROCESO EXCEPCIONAL DE ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL*  
*DO CONCELLO DE LALÍN*

*Por Resolución da Alcaldía de data 6 de maio do 2022 aprobouse a oferta de emprego público do Concello de Lalín para o exercicio 2022 correspondente á estabilización do emprego temporal. No BOPPO núm 95, do 19 de maio de 2022 publicouse o anuncio de dita oferta. Habendo detectado erros na mesma, por Resolución da Alcaldía de 24 de maio de 2022, aprobouse a corrección dos mesmos, publicada no BOPPO núm 102 de 30 de maio.*

Na sesión celebrada en Xunta de Goberno Local na data 20/12/2022 aprobáronse as Bases que rexen os procesos extraordinarios de estabilización previstos na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, para cubrir as prazas correspondentes á Oferta de Emprego Público Extraordinario para a estabilización do emprego público temporal deste Concello. Posteriormente ditas bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 247 de data 28/12/2022, na páxina web e na sede electrónica do Concello de Lalín. Publicándose tamén no Boletín Oficial do Estado núm 15 do 18 de xaneiro do 2023 anuncio da convocatoria e abríndose un prazo de 20 días hábiles para que as persoas interesadas puidesen presentar as solicitudes.

As resolucións das listas provisionais e definitivas de aspirantes admitidos/excluídos foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 45 do 6/03/2023 e número 66 de 4/04/2023, respectivamente, aparte de na páxina web e na sede electrónica, tal e como se indica nas bases. Posteriormente procedeuse á publicación das actas provisionais e definitivas na páxina web e na sede electrónica.

- Visto e enterado dos informes de Secretaría de data 24/05/2022 e o informe de data 22/05/2023.
- Visto o Informe xurídico de data 23/05/2023 emitido ao efecto polo Técnico da Deputación de Pontevedra en virtude do Convenio de Colaboración asinado 14/07/2022 entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Lalín.



Martes, 7 de novembro de 2023

Núm. 214

- Visto o Informe xurídico de data 23/05/2023 emitido ao efecto polo Xefe de Servizo de Persoal e Emprego, deste Concello de Lalín.

Tendo en conta as atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así coma nas disposicións concordantes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

*DISPOÑO:*

*Primeiro.*— Aprobar a seguinte proposta realizada polo Tribunal Cualificador de contratación e constitución da respectiva bolsa de emprego, tal e como se recolle na acta definitiva con data 02/11/2023 , publicada na páxina web e na sede electrónica do Concello de Lalín :

**1.— PROPOSTA DE CONTRATACIÓN. PRAZA: MONITOR/A DEPORTIVO/A GRUPO IV (C2) (CONCURSO OPOSICIÓN)**

De conformidade co establecido na Base Duodécima, procédese á aprobación da proposta de contratación realizada polo Tribunal Cualificador como persoal laboral fixo dos /as seguintes aspirantes:

1.	Iglesias Varela, Martín	***8950**	73,25
2.	Silva Sánchez, Belén	***9327**	42,94
3.	Currás González, Daniel	***9288**	38,54

Para os efectos previstos na Base Décimo Terceira, por parte do Tribunal Cualificador non se propón a creación da bolsa de emprego, posto que non existen máis aspirantes que superaran o proceso selectivo, dacordo cos criterios das bases de dito procedemento.

*Segundo.*— Segundo a base duodécima, esta resolución publicarase na páxina web, na sede electrónica, no taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Os /as aspirantes propostos para a contratación disporán dun prazo de 10 días hábiles para presentar no Rexistro Electrónico do Concello de Lalín mediante o procedemento específico a seguinte documentación:

- Informe médico oficial actualizado.
- Declaración responsable de non ter sido separado ou separada mediante expediente disciplinario do servizo das administracións públicas, nin atoparse en situación de inhabilitación para o exercicio das funcións públicas.
- Declaración responsable de que a persoa proposta non está incurso nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

Lalín, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde, D. José Crespo Iglesias.

Dou fe. O Secretario, D. César López Arribas.

